

A Xunta de Galicia elude a súa responsabilidade, desvinculándose da EDAR de Monforte e carga no concello a súa mellora

Así se desprende do escrito remitido pola Consellería de Presidencia a Vicente Docasar en resposta á iniciativa presentada polo grupo Parlamentario do PSOE, a instancias deste deputado e da voceira de Medio Ambiente –Patricia Vilán-

Con este documento, asegura o deputado socialista, dedúcese que a Xunta “o único que fai é lavarse as mans”, a sabendas de que as competencias de garantir a salubridade do subministro corresponden directamente a Augas de Galicia

Esíxelle explicacións públicas dos motivos de tal desinterese, xa que esta situación, primeiro, é coñecida polo Partido Popular dende hai máis de tres anos; segundo, o Grupo Parlamentario do PP votou a favor de construír unha nova depuradora; e, terceiro, o ex conselleiro de Medio Ambiente anunciou en 2012, en Monforte, que o seu departamento redactaría o proxecto construtivo, incluíndo a execución das obras en varias anualidades

A incompetencia da Xunta “é un feito constatable”, pois tampouco foi quen de saber a que se debeu o episodio de mortalidade producido en diversas ocasións dende 2011; unha cuestión que para Docasar resulta “inadmisibile”, sobre todo, porque no Executivo en no Parlamento hai un conselleiro e unha deputada do PP. “Nin a presenza de Conde nin de Barreira serven para atraer investimentos novos para a comarca, nin para resolver os problemas dos cidadáns”, afirma

MONFORTE DE LEMOS, 29 DE OUTUBRO DE 2014.- O deputado autonómico –Vicente Docasar- denuncia que a Xunta de Galicia “volva a castigar” aos veciños de Monforte, ao desvincularse da súa competencia para construír unha nova EDAR en Piñeira e ao cargar a responsabilidade da mellora desta infraestrutura no concello. Así se desprende do escrito remitido pola Consellería de Presidencia ao socialista en resposta á iniciativa presentada polo grupo Parlamentario do PSOE, a instancias deste deputado e da voceira de Medio Ambiente – Patricia Vilán-.

Concretamente, dito documento di o seguinte: “[...] *polo tanto, tendo identificadas as necesidades, o concello dispón das ferramentas necesarias para poder revertir a situación actual, comezando por un axeitado mantemento e conservación das infraestruturas, e traballando na rede de saneamento para evitar a entrada de augas limpas . tanto pluviais como de infiltración. As medidas estruturais deben ir precedidas destas da mellora na xestión ou se correrá o risco de que non sexan totalmente efectivas. Con todo, para as medidas estruturais Augas de Galicia pode prestar apoio técnico e financeiro de acordo co Decreto 59/2013, de 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei de Augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas (DOG Nº 73) [...]*”.

“Con isto dedúcese que a Xunta o único que fai é lavarse as mans. As competencias de garantir a salubridade do subministro corresponden directamente a Augas de Galicia, polo que de nada nos serve que nos digan que fixeron un estudo para detectar as necesidades e agora que o concello se apañe como poida, pois non podemos esquecer que foi o departamento galego o que recoñeceu publicamente as eivas que presenta a depuradora, e que cuxas augas que desembocan directamente no Cabe, son contaminantes”, afirma.

Ao PP nunca lle interesou resolver o problema

“O que se demostra, indica o socialista, é que ao PP nunca lle interesou arranxar o problema”, a pesares de que esta situación, primeiro, é coñecida polo Partido Popular dende hai máis de tres anos; segundo, o Grupo Parlamentario do PP votou a favor de construír unha nova depuradora, cunha partida de 7 millóns de euros da Xunta de Galicia; e, terceiro, o ex conselleiro de Medio Ambiente anunciou en 2012, en Monforte, que o seu departamento redactaría o proxecto construtivo, incluíndo a execución das obras en varias anualidades.

Proba diso, destaca Docasar, é que nos Orzamentos de 2015, o Goberno galego volve a rexeitar incluír unha partida para este investimento. A este respecto, lembra que “en 2014, fomos os socialistas os que pedimos que fose aprobada unha emenda que o PP tamén rexeitou; algo que demostra a súa falla de rigor, pois varios deputados deste Partido tiveron o descaro de presentar recentemente iniciativas polas verteduras e pola contaminación do río Cabe”.

Episodio de mortalidade sen resolver

En relación co episodio de mortalidade detectado o 22 de maio de 2014 no río Cabe, a Xunta asegura neste mesmo escrito que se fixeron os labores de investigación oportunos a través dos axentes medioambientais dependentes da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería. Asimesmo, indícase que, durante a investigación, os axentes percorreron o treito do río afectado non localizando ningún vertido que puidera ser o causante desta mortalidade, e as actuacións incluíron a retirada dos exemplares mortos para a súa posterior análise. Asemade, as investigacións non arroxaron resultados concluíntes acerca da posible orixe desta traxedia medioambiental.

“A incompetencia da Xunta é un feito constatable, pois non foi quen de saber a que se debeu este episodio, que se ven producindo reiteradamente dende 2011, nin tampouco garante que o problema medioambiental non volva aparecer”. Por tanto, subliña, “esta contestación que se nos dá parécenos unha auténtica tomadura de pelo, e só resposta á idea de facernos ver que fixeron algo”. Por todo elo, pregúntase Docasar, “para que queremos na Xunta un conselleiro de Monforte e no Parlamento unha deputada monfortina se non son capaces de dar unha resposta ás necesidades dos seus veciños. Dende logo a súa presenza no Goberno galego e na Cámara do Hórreo non está a servir para atraer investimentos novos para a comarca, nin para resolver os problemas dos cidadáns”, conclúe.